



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Personál

*Modificación puntual da relación de postos de traballo*

##### ANUNCIO

##### MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión celebrada o día 14 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo, que afecta á creación do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, que se someteu a información pública polo prazo de de vinte días mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 217 de 18 de decembro de 2020.

Transcorrido o prazo de información pública sen que se teñan presentado reclamacións, suxestións ou alegacións, o acordo enténdese definitivamente adoptado, procedendo, xa que logo a publicación da modificación acordada, que é a seguinte:

- . Denominación: Titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade
- . Forma de provisión: Libre Designación
- . Grupo: A, subgrupo: A1
- . Nivel: 30 (complemento específico 28)
- . Escala: persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . Subescala: Intervención- Tesouraría
- . Categoría: entrada (2ª)

IDENTIFICACION									ADSCRICIÓN									
CÓDIGO								DENOMINACION PUESTO	Nº	NIVEL C. D.								
A	B	C	D	E	F	G	H				F.P.	T.P.	ADM.	GR.	ESC.	CL.	REQS.	OBS.
<b>ÁREA II. FACENDA, ECONOMÍA E FINANZAS</b>																		
<b>3. ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.</b>																		
1	1	1	0	F	0	1	30	Titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade	1	30	L	S	AM	A1	HE	F	Cat. Entrada	Específico 28.Especial dedicación

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o dictou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2021

Concelleira delegada de Economía e Facenda, Personál, Contratación e Modernización da Administración Local

(PD Dto. Alcaldía 17/06/2019)

Marta Abal Rodríguez